

relativas a proxectos de enerxías renovables a que se refire o artigo 6 da Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de enerxías renovables de Galicia correspondentes ao exercicio 2009, e ao abeiro do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 18 de maio de 2009.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2009.

Eliseo Diéguez García
Director do Instituto Enerxético de Galicia

Resolución do 26 de novembro de 2009 na cal se acorda ampliar o prazo disposto no artigo 6 da Resolución do 21 de outubro de 2009, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao exercicio 2009, e ao abeiro do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2009.

O Instituto Enerxético de Galicia, mediante a Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética, e ao abeiro do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2009, regulou o réxime para a concesión de axudas e subvencións para o ano 2009 (DOG nº 213, do 30 de outubro).

O artigo 6 da resolución establece que o prazo para a presentación de solicitudes será desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (venres, 30 de outubro de 2009) ata o día 30 de novembro de 2009, ambos inclusive.

Como consecuencia do número de solicitudes e da documentación que hai que presentar así como pola tramitación administrativa que estas supoñen, considérase necesario ampliar o prazo de presentación das solicitudes relativas aos proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

En consecuencia, en uso das atribucións que me están conferidas polo Consello de Administración do Instituto Enerxético de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Ampliar ata o día 11 de decembro de 2009 o prazo para a presentación das solicitudes relativas aos proxectos de aforro e eficiencia enerxética a que se refire o artigo 6 da Resolución do 21 de outubro de 2009 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións e axudas a proxectos de aforro e eficiencia enerxética correspondentes ao

exercicio 2009, ao abeiro do convenio suscrito entre o IDAE e o Inega o día 3 de xullo de 2009.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2009.

Eliseo Diéguez García
Director do Instituto Enerxético de Galicia

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 19 de novembro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante Orde do 8 de outubro de 2009 (*Diario Oficial de Galicia* nº 206, do 21 de outubro), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica á/ao funcionaria/o que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual da/o funcionaria/o que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento de tratarse da mesma localidade onde actualmente a/o funcionaria/o preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa a/o funcionaria/o, así como daquel no que obteña praza consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade